

## 2. Presentación de solicitudes

**2.1.** As solicitudes presentaranse exclusivamente por medios electrónicos na sede electrónica da UVigo (<https://sede.uvigo.gal/>) a través do procedemento “*SGRA – Probas de aptitude física*”.

**2.2.** Para identificarse na sede débese estar en posesión dalgún dos seguintes sistemas de identificación:

- DNI electrónico (medio de identificación para os menores de 18 anos)
- Certificado dixital
- CI@ve PIN
- CI@ve Permanente

**2.3.** Admitirase, para os menores de 18 anos exclusivamente, a presentación por representante legal (pai, nai, persoa titora legal) con algún dos sistemas de identificación recollidos no apartado anterior. Neste caso é preciso indicar na solicitude o nome completo e nº de DNI ou documento equivalente da persoa a quen se representa.

A persoa solicitante ou o seu representante legal (pai, nai, persoa titora legal) declararán de xeito responsable que a información e os datos persoais e contidos na solicitude son veraces e que cumpre cos requisitos esixidos nesta convocatoria.